



(*)Facultade de Comunicación

Grado en Comunicación Audiovisual

Subjects

Year 2nd

Code	Name	Quadmester	Total Cr.
P04G071V01201	Language: Galician Language	1st	6
P04G071V01202	Business: Audiovisual Business Administration and Management	1st	6
P04G071V01203	Film Genres	1st	6
P04G071V01204	Theory and Technique of Montage	1st	6
P04G071V01205	Direction of Photography	1st	6
P04G071V01206	Business: Marketing of Audiovisual and Multimedia Products	2nd	6
P04G071V01207	Audiovisual Narrative	2nd	6
P04G071V01208	Sound Expression	2nd	6
P04G071V01209	Screenplay Writing	2nd	6
P04G071V01210	Design and Development of Interactive Products	2nd	6

IDENTIFYING DATA**Lingua: Lingua galega**

Subject	Lingua: Lingua galega			
Code	P04G071V01201			
Study programme	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Basic education	2	1c
Teaching language	Galego			
Department	Filoloxía galega e latina			
Coordinator	Fernández Salgado, Benigno			
Lecturers	Fernández Salgado, Benigno			
E-mail	bfsalgado@gmail.com			
Web	http://C:UsersBFSDesktopPublicacións			
General description	"Lingua Galega" para estudantes de Comunicación Audiovisual			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Code	
A1	Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B4	Expoñer os resultados dos traballos académicos de maneira escrita, oral ou por medios audiovisuais ou informáticos de acordo aos canons das disciplinas da comunicación.
B5	Coñecer os valores constitucionais, principios éticos e normas deontolóxicas aplicables á comunicación audiovisual, en especial as relativas á igualdade de homes e mulleres, á non discriminación de persoas con discapacidade e ao uso non sexista da imaxe feminina nos medios de comunicación de masas.
B7	Asumir riscos expresivos e temáticos, aplicar solucións e puntos de vista persoais no desenvolvemento dos proxectos
C1	Coñecer o uso correcto oral e escrito das linguas oficiais como forma de expresión profesional na industria audiovisual.
C2	Percibir criticamente o mundo audiovisual como froito dunhas condicións sociopolíticas e culturais ligads a unha época histórica determinada.
D1	Comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.
D2	Comunicar por oral e por escrito na legua galega.
D3	Sustentabilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.
D4	Adaptarse aos cambios tecnolóxicos, empresariais ou organigramas laborais

Resultados previstos na materia

Expected results from this subject	Training and Learning Results			
Demostrar unha adecuada, coherente e correcta expresión oral e escrita en lingua galega.	A1	B4	C1	D2
Analizar a comunicación audiovisual desde unha perspectiva lingüística (gramatical e estilística).				D2
Recoñecer as funcións da linguaxe que poden formar parte da mensaxe audiovisual.	A1		C1	D1
Aprender a adaptar o código lingüístico ós factores da comunicación. Saber diferenciar as características da linguaxe empregada na comunicación audiovisual, as canles e medios de difusión, e os destinatarios da mensaxe.	A1	B5	C1	D3 D4
Aprender a ler lendo. Saber analizar un texto. Saber apreciar os seus valores inherentes ou circunstanciais e detectar a súa ausencia. Ler para entender o texto no seu contexto, para apreciar o lugar que habitamos, para ter en conta os outros. Ler para poder razoar criticamente e saber responder ós retos da civilización actual. Ler para escribir e favorecer unha expresión orixinal.	A1	B5	C1 C2	D4
Aprender a escribir sobre o mundo e sobre como as producións audiovisuais o representaron. Ser crítico co que os creadores audiovisuais fixeron na nosa tradición cultural.	A1	B4 B5 B7	C1	D2

Contidos

Topic	
Filoloxía do galego	Lingüística: A linguaxe e as linguas. Historia e gramática histórica do galego. Dialectoloxía o galego. Cinematografía galega: Miss Ledyia (1916). Sempre Xonxa (1989) de Chano Piñeiro. Literatura ensaística traducida para o galego. A Room of One's Own (1929) de V. Woolf.: Un cuarto de seu.

A fonética do audiovisual galego	Ortodoxía e ortografía. O estándar do galego: fonética e prosodia. Cinematografía galega: Pontevedra, cunha de Colón (1927) de E. Barreiro. A lingua das bolboretas (1999) de J.L. Cuerda. Poesía Galega de onte e hoxe: Longa noite de pedra (1962) de C.E. Ferreiro. Materia (2022) de Yolanda Castaño.
Gramática e léxico do galego	Manuais gramaticais e dicionarios. As regras gramaticais: a morfoloxía e a sintaxe do galego. O léxico e a semántica do galego. Cinematografía galega: Belas dormentes (2001) de Eloy Lozano. Trece badaladas (2002) de X. Villaverde. Literatura de sempre. Teatro clásico: Edipo Rei de Sófocles (429 a. de C.).
A retórica da comunicación audiovisual en galego	Comunicación: o verbal e o non verbal. A sociolingüística e a ecoloxía lingüística do galego. Os xéneros literarios e cinematográficos: temas, audiencias, propósitos, verosimilitude. Cinematografía galega: Trece badaladas (2002) de X. Villaverde. O lapis do carpinteiro (2003) de Antón Reixa. Narrativa. Novela traducida do francés para o galego. Cosmétique de l'ennemi, (2001): Cosmética do inimigo.
Análise textual e composición de textos en galego	Lectura. Comprensión e lexibilidade dos textos. O proceso da escrita. Coherencia, cohesión, gramaticalidade, intertextualidade. Os estilos e as figuras retóricas. O ano da carracha (2004) de J. Coira. Dhogs (2016) de A. Goteira. Literatura actual en galego. Literatura de xénero(s)? Ninguén queda (2021) de Brais Lamela. A conxura do sete (2022) de Miguel Anxo Fernández.

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Lección maxistral	14	14	28
Resolución de problemas	14	28	42
Seminario	7	21	28
Traballo tutelado	7	21	28
Debate	5	5	10
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	10	12
Observación sistemática	1	1	2

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Lección maxistral	Explicacións do profesor sobre os contidos básicos da materia (lingua, literatura e cine) e desenvolvemento das cuestións teóricas que os sustentan.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan e resolven exercicios prácticos relacionados cos aspectos propiamente lingüísticos ou literarios da materia (por exemplo, de corrección lingüística e estilística para mellorar a gramática e o léxico; as lecturas dos textos escollidos). É un complemento indispensable da lección maxistral. Inclúe a revisión de pequenos ensaios sobre aspectos críticos dos visionados realizados nos que se exercita a lingua escrita e a expresión oral dos estudantes.
Seminario	Actividades centradas en temas concretos que permiten afondar ou completar os contidos da materia. Complementan as clases teóricas e dan pé á exercitación na exposición pública. Para o caso un grupo de estudantes preparará algún dos subtemas que aparecen no programa fóra da clase con bibliografía axeitada. Os seminarios tamén se poden utilizar para expoñer os avances dos traballos tutelados.
Traballo tutelado	Elaboración individual ou con outro estudante dun traballo de curso de certa extensión (4000 palabras) baseado en investigacións feitas nas áreas de estudo relacionadas co galego e coa comunicación audiovisual. Coa súa realización, o que se pretende é que o estudante se familiarice coa procura de documentación axeitada, que traballe de maneira crítica e analítica, e se habitúe aos estándares formais das publicacións académicas baixo a orientación do profesor.
Debate	

Atención personalizada

Methodologies	Description
Resolución de problemas	Atendemento personalizado para planificar as actividades de avaliación e as dúbidas que se presenten.
Seminario	Titorías persoais ou en grupo para preparar os seminarios ou resolver dúbidas sobre os contidos teóricos da materia.

Traballo tutelado Titorías individuais ou en grupo para planear o traballo de curso ou para resolver as dúbidas que susciten tanto as prácticas individuais coma os traballos de avaliación grupais.

Avaliación		Qualification	Training and Learning Results			
	Description					
Lección maxistral	Exame final. Proba escrita na que o alumnado terá que demostrar a adquisición dos contidos teóricos do curso e unha boa competencia lingüística en galego	25	A1	B4	C1	D2
Resolución de problemas	Entrega de prácticas de escrita. O profesor especificará as actividades prácticas que son avaliáveis. Ó longo do curso iranse valorando as actividades escritas (exercicios, pequenos traballos, ensaios) que se vaian entregando.	20	A1	B4	C1	D2
Seminario	Valorarase o traballo previo do grupo encargado de preparar o tema do seminario; a claridade e orixinalidade da presentación e a participación activa da clase despois da exposición, en particular as preguntas, suxestións e comentarios que se fagan.	20	A1	B5	D1	D2
Traballo tutelado	Traballo de curso. Escolla dun tema relacionado con algún dos contidos da materia e elaboración grupal dun traballo de análise que será presentado de xeito oral na aula. Valorarase o proceso de investigación e o resultado final. Terase en conta a forma e presentación externa (grafismo, ilustracións), a organización, as fontes e referencias usadas, a calidade dos argumentos e o coidado da lingua.	30	A1	B4	C1	D2

Other comments on the Evaluation

AVALIACIÓN CONTINUA

Farase una avaliación continua a través do seguimento do alumno nos traballos da aula e de exercicios fóra da aula, da exposición de traballos e a realización de probas. Avaliarase a súa competencia oral, a súa competencia escrita e a aprendizaxe e adquisición de competencias e de coñecementos. A detección de plaxio nalgún dos traballos suporá a perda do dereito á avaliación continua.

AVALIACIÓN GLOBAL

O alumnado que non siga a avaliación continua terá que superar unha proba final que supoñerá o 100% da nota final. Farase nas datas oficiais que estableza o centro. Neste exame haberá unha parte teórica e outra práctica que constará de exercicios de corrección lingüística, similares aos feitos nas horas prácticas da materia, e de aplicación de coñecementos teóricos adquiridos na materia. Os estudantes deberán demostrar que saben relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia dende unha perspectiva aplicada.

As datas dos exames pódense consultar na páxina web da Facultade de Comunicación:

<https://fcom.uvigo.gal/comunicacion-audiovisual/exames-comunicacion-audiovisual/>

SEGUNDA OPORTUNIDADE

O alumnado que non cumpra os requisitos da avaliación continua poderá realizar un único exame na convocatoria de xullo, na data estipulada oficialmente. Este exame terá unha parte teórica e outra práctica (oral e escrita).

As datas dos exames pódense consultar na páxina web da Facultade de Comunicación:

<https://fcom.uvigo.gal/comunicacion-audiovisual/exames-comunicacion-audiovisual/>

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

Complementary Bibliography

Álvarez, R. & Xove, X., **Gramática da Lingua Galega**, Galaxia, 2002

Beltrán Carballeira, R.X., **Manual Práctico de Galego**, Baía Edicións, 2019

Boullón A. & Mendez, L. (eds.), **Estudos de Onomástica Galega: Os Nomes Comerciais**, RAG, 2020

Callón, Carlos, **O Libro Negro da Lingua Galega. Quiñentos Anos de Represión e Silenciamento**, Xerais, 2022

Calvet, L.-J., **(Socio)lingüística**, Laiovento, 1998

Couto, X., **Arredor da Dobraxa. Algunhas Cuestións Básicas**, Deputación Provincial da Coruña, 2009

Crystal, D., **A Morte das Linguas. Razóns para a Sobrevivencia**, Galaxia, 2003

Fernández Rei, F., **Dialectoloxía da Lingua Galega**, Xerais, 1991

Fernández Salgado, B. (dir), **Dicionario de Usos e Dificultades da Lingua Galega**, Galaxia, 2004

Fill, A. & Mühlhäusler, P. (eds.), **Language, Ecology and Environment. The Ecolinguistics Reader**, Continuum, 2001

Formoso Gosende, V., **Do Estigma á Estima. Propostas para un Novo Discurso Lingüístico**, Xerais, 2013

González González, M. (dir.), **Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004**, RAG, 2007

- González, M. & Santamarina, A., **Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (VOLGa)**, RAG/ILG, 2004
-
- Lausberg, H., **Elementos de Retórica Literaria**, Calouste Gulbenkian, 2004 [1967]
-
- Ledo Andión, M. & Nogueira, X. (coords.), **Para unha Historia do Cinema en Lingua Galega**, Galaxia, 2019-21
-
- López Viñas, X.; Lourenço Mória, C.; & Moreda Leirado, M., **Gramática Práctica da Lingua Galega. Comunicación e Expresión**, Baía, 2010
-
- Mariño Paz, R., **Historia da Lingua Galega**, Sotelo Blanco, 1999
-
- Monteagudo, H. (ed.), **Estudios de Sociolingüística Galega sobre a Norma do Galego Culto**, Galaxia, 1995
-
- Monteagudo, H., **O idioma galego baixo o franquismo: da resistencia á normalización**, Galaxia, 2022
-
- Montero, X. (ed.), **Tradución para a dobraxe en Galicia, País Vasco e Cataluña**, Universidade de Vigo, 2011
-
- Montero, X. (ed.), **La traducción de proyectos cinematográficos. Modelo de análisis para los largometrajes de ficción gallegos**, Peter Lang, 2015
-
- Núñez Singala, M., **En Galego. Por que Non? Contra os Prexuízos e as Simplificacións sobre a Lingua Galega**, Xerais, 2011
-
- Núñez Singala, M., **Sacar a lingua é de mala educación : oportunidades do multilingüismo na infancia e na idade adulta**, Galaxia, 2017
-
- RAG & ILG, **Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego**, RAG, 2003
-
- Regueira, X. L. (coord.), **Os Sons da Lingua**, Xerais, 1998
-
- Rosales, M., **A Linguaxe Literaria. Guía de Recursos para a Análise Textual**, Xerais, 2003
-
- Royo, J., **Unha Lingua É un Mercado**, Xerais, 1997
-
- Sapir, E., **A Linguaxe. Introducción ó Estudo da Fala**, Universidade de Santiago, 2010 [1921]
-
- Santamarina, A. (dir.), **Dicionario de Dicionarios**, Fundación Barrié de la Maza, 2003 [2001]
-
- Wardhaugh, R., **Introducción á Sociolingüística**, Universidade de Santiago, 1995 [1992]
-
- Tusón, J., **Mal de Linguas. Arredor dos Prexuízos Lingüísticos**, Positivas, 1997 [1990]
-

Recomendacións

IDENTIFYING DATA**Empresa: Dirección e xestión de empresas audiovisuais**

Subject	Empresa: Dirección e xestión de empresas audiovisuais			
Code	P04G071V01202			
Study programme	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Basic education	2	1c
Teaching language	Castelán Galego			
Department	Organización de empresas e márketing			
Coordinator	Rodríguez de Jesús, Iria			
Lecturers	García-Pintos Escuder, Adela Rodríguez de Jesús, Iria			
E-mail	iriaredj@gmail.com			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/			
General description	O obxectivo da materia é que o alumnado comprenda, cun enfoque práctico e participativo, os compoñentes e funcionamento da empresa como unha realidade socioeconómica. Incidirase na *interrelación con outras materias, proporcionando os coñecementos, actitudes e habilidades necesarias para desenvolver con eficacia e eficiencia a súa futura actividade profesional. Farase especial referencia á empresa audiovisual, en xeral e ao contexto empresarial de Galicia, en particular.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Code	
B4	Expoñer os resultados dos traballos académicos de maneira escrita, oral ou por medios audiovisuais ou informáticos de acordo aos canons das disciplinas da comunicación.
B5	Coñecer os valores constitucionais, principios éticos e normas deontolóxicas aplicables á comunicación audiovisual, en especial as relativas á igualdade de homes e mulleres, á non discriminación de persoas con discapacidade e ao uso non sexista da imaxe feminina nos medios de comunicación de masas.
B6	Traballar en equipo e comunicar as propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio.
C3	Coñecer os procesos e técnicas implicadas na dirección e xestión de empresas audiovisuais.
D1	Comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.
D2	Comunicar por oral e por escrito na legua galega.

Resultados previstos na materia

Expected results from this subject	Training and Learning Results		
Expor os resultados dos traballos académicos de maneira oral ou por medios audiovisuais ou informáticos, de acordo aos canons das disciplinas da comunicación.	B4 B6	C3	D1 D2
Preparación para adaptarse aos cambios tecnolóxicos, empresariais ou organigramas laborais.	B6	C3	D1 D2
Adaptarse para o traballo en equipo e de comunicación das propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio, así como para integrarse nun proxecto común destinado á obtención de resultados.	B6	C3	
Aplicar os valores universais de educación, cultura, paz e xustiza, e polos dereitos humanos, a igualdade de oportunidades e a non discriminación de mulleres e persoas con discapacidade.	B4 B5	C3	D1 D2

Contidos

Topic	
1. A empresa como un sistema complexo	1.1 O sistema empresa: compoñentes. 1.2 Obxectivos e funcións de cada compoñente
2. A contorna da empresa audiovisual	2.1. A contorna xeral 2.2. A contorna específica: rivalidade e cooperación. 2.3. Fontes de información.
3. O factor humano na empresa audiovisual	3.1. Cultura empresarial 3.2. O liderado 3.3. O poder nas organizacións 3.4. Dirección e xestión de RR. HH.

4. A estrutura organizativa e os procesos da empresa audiovisual	4.1. Estrutura organizativa 4.2. Agrupacións estruturais 4.3. A organigrama 4.4. Novas formas estruturais
5. Aspectos económico-financeiros da empresa audiovisual	5.1. O investimento: concepto e tipos 5.2. O financiamento: concepto e tipos 5.3. O reflexo contable dos feitos económicos: O Balance, A conta de perdas e ganancias 5.4. Indicadores económico financeiros: a árbore de rendibilidade, cálculo do punto morto 5.5. Visión da estrutura económico financeira das empresas audiovisuais
6. Diagnóstico e deseño estratéxico.	6.1 A dirección de empresas 6.2. O diagnóstico da empresa: global, funcional e DAFO 6.3. O deseño de estratexias

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Actividades introductorias	1	0	1
Lección maxistral	21	65	86
Seminario	10	10	20
Traballo tutelado	10	30	40
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o/a estudante ten que desenvolver
Seminario	Actividade enfocada ao traballo sobre un tema específico, que permite profundar ou complementar os contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas.
Traballo tutelado	O alumnado, divididos en grupos, elaboran un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc.

Atención personalizada

Methodologies	Description
Seminario	O horario concretarase ao comezo do curso. Nelas o profesor, de forma individual ou en pequeno grupo, atenderá as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Así mesmo utilizarase a plataforma MOOVI como mecanismo fundamental de apoio á docencia e de comunicación co alumnado. Por iso, é imprescindible que todos os alumnos matriculados déanse de alta canto antes no sistema.
Traballo tutelado	As titorías fixaranse a principio de cuadrimestre
Tests	Description
Exame de preguntas de desenvolvemento	As titorías fixaranse a principio de cuadrimestre
Exame de preguntas obxectivas	As titorías fixaranse a principio de cuadrimestre

Avaliación

Description	Qualification Training and Learning Results

Seminario	Co obxectivo de incentivar o traballo regular e continuo do alumno no desenvolvemento da materia, valorarase, mediante unha observación cuantificada, a asistencia e participación activa nas sesións prácticas. A puntuación total deste epígrafe (1,5 punto) divídese entre o número total de sesións efectivas que se desenvolvan. A asistencia é OBRIGATORIA polo que para poder obter a puntuación do traballo un alumno debe asistir como mínimo ao 90% das sesións Esixirase unha puntuación mínima de cinco puntos (sobre 10) para poder facer a media co resto de ítems	15	B4 B6	C3	D1 D2
Traballo tutelado	O traballo tutelado, cuxa realización será en grupo, versará sobre o desenvolvemento dun novo produto. A nota que obteña cada alumno/a neste epígrafe será a nota do traballo grupal que se poderá ver modificada pola súa participación tanto no traballo como nos seminarios. Tanto a conformación dos grupos como o tipo de empresa serán determinados na primeira sesión de seminario (segundo calendario oficial) baixo a supervisión do docente. Aqueles alumnos/as que non acudan á primeira sesión de seminario, terán de prazo até segunda sesión para unirse a un grupo, sempre previa aceptación por parte do docente. Aqueles alumnos/as que chegada esta segunda sesión (segundo calendario oficial) non estean incluídos en ningún grupo non terán dereito a realizar o traballo, non contemplándose neste caso ningunha actividade compensatoria. A asistencia aos seminarios é OBRIGATORIA polo que para poder obter a puntuación do traballo un alumno debe asistir como mínimo ao 90% das sesións. Esixirase unha puntuación mínima de cinco puntos (5 sobre 10) para poder facer a media co resto de ítems	25	B4 B6	C3	D1 D2
Exame de preguntas de desenvolvemento	Trátase dunha proba escrita orientada a avaliar a aplicación dos conceptos desenvolvidos tanto nas clases prácticas e teóricas coma a través da bibliografía referenciada da materia. Esixirase unha puntuación mínima de cinco puntos (sobre 10) para poder facer a media co resto de ítems	20	B4 B5	C3	D1 D2
Exame de preguntas obxectivas	Exame de preguntas curtas onde avalíaranse os coñecementos, teórico e prácticos, adquiridos desenvolvemento e no contido da materia. Esixirase unha puntuación mínima de cinco puntos (5 sobre 10) para poder facer a media co resto de ítems.	40	B4 B5	C3	D1 D2

Other comments on the Evaluation

O alumnado ten a opción de elixir entre as modalidades de avaliación da materia: Avaliación Continua (AC) ou Avaliación Global (AG). Por defecto, asúmese que o alumnado será avaliado mediante AC e debe notificar a súa renuncia se desexa cambiar á modalidade de AG. O alumnado deberá informar ao docente da súa renuncia expresa ao sistema de avaliación continúa no prazo dun mes desde o inicio do cuatrimestre.

A AVALIACIÓN CONTINUA

Consta de dous partes cos seus respectivos valores ponderados:

1. A superación da parte práctica que supón un **40% da nota**, repartíndose a mesma en:

- Resolución de casos, actividades programadas e a participación nas mesmas (15%);
- A realización dun proxecto en grupo, a entrega nun documento e a súa exposición (25%).

É necesaria unha puntuación de 5 sobre 10 en cada parte para superar a materia. A asistencia aos seminarios é OBRIGATORIA polo que para poder obter a puntuación desta parte o alumnado debe asistir como mínimo ao 90% das sesións.

2. Superación da parte teórica que supón un **60% da nota** mediante **dúas probas escritas:**

- A realización dun **exame de desenvolvemento** durante o curso para a asimilación de coñecementos, cun peso do 20% na nota final,

- A realización dun **exame de preguntas obxectivas** que se realizará na data indicada no calendario oficial e será en 40% da nota final.

É necesario sacar un 5 sobre 10 en cada unha das probas para poder superar la materia.

AVALIACIÓN GLOBAL:

A proba de avaliación global realizarase na data e horarios previstos polo centro no calendario de exames oficial. O estudante deberá superar todas e cada unha das probas de avaliación previstas que se detallan a continuación obtendo unha cualificación mínima de 5 puntos en cada unha delas. Dada a extensión das probas o alumnado que se acolla a avaliación global deberá dispor de 3 horas para a realización das mesmas a partir da hora oficial de inicio do exame da materia segundo o calendario oficial.

Breve descripción das probas

Proba 1. Exame teórico. Realizarase o exame teórico previsto para a materia tanto para a avaliación global como continua ademais dunha parte de preguntas de desenvolvemento similar o realizado durante o curso polo alumnado de AC. Será avaliado coas mesmas pautas para todo o alumnado. O exame ten un valor do **60%** sobre o total da nota sendo preciso obter unha cualificación mínima de 5 puntos para aprobar esta parte. Unha cualificación inferior non servirá como media coas outras probas.

Proba 2. Proxecto. Facer entrega dun traballo realizado de forma individual coma o alumnado de AC. Terá un valor do **25%** sobre o total da cualificación. Debe obterse unha cualificación mínima de 5 puntos para superar esta parte. Unha cualificación inferior non servirá como media coas outras probas. O traballo será entregado e exposto antes da data do exame. O detalle dos contidos do traballo, metodoloxías e criterios de avaliación serán os mesmos que para os estudantes de avaliación continua.

Proba 3. Actividade práctica. Facer entrega dos traballos propostos polo docente. O conxunto dos traballos ten un valor do **15%** sobre o total da cualificación. Debe obterse unha cualificación mínima de 5 puntos en cada un dos traballos para superar esta parte. Unha cualificación inferior non servirá como media coas outras probas. Os traballos serán entregados na data e horario do exame. O detalle dos contidos dos traballos, metodoloxías e criterios de avaliación serán facilitados aos estudantes de avaliación global unha vez rematado o prazo de renuncia expresa á avaliación continua.

** SEGUNDA OPORTUNIDAD Y CONVOCATORIA FIN DE CARRERA **

O sistema de avaliación é o mesmo que na primeira oportunidade. Realízase mediante unha proba de preguntas obxectivas na data indicada no calendario oficial e valorarase a adquisición das competencias requeridas na materia. A cualificación da parte práctica conservarase en todas as convocatorias dese curso académico pero o traballo tutelado en grupo poderá ser mellorado a título individual. Con todo, se a materia non é superada neste curso académico o/a alumno/a deberá cursala novamente adaptándose á guía docente que estea vixente no curso académico, por tanto, non se conservará ningunha das cualificacións obtidas no presente curso.

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

Complementary Bibliography

AUGROS, J., **El dinero de Hollywood: financiación, producción, distribución y nuevos mercados**, Paidós, 2000

AGUADO, G.; GALÁN, J.; FERNÁNDEZ-BEAUMONT, J.; GARCÍA, L. J., **Organización y gestión de la empresa informativa**, Síntesis, 2008

BUSTAMANTE, E., , **La televisión económica : Financiación, estrategias y mercados.**, Gedisa, 2001

CASTAN, J. M, **Fundamentos y aplicaciones de la gestión financiera de la empresa**, Pirámide, 2007

CALVO, C, **La empresa de cine en España**, Ediciones laberinto, 2003

CUEVAS, A, , **Economía cinematográfica: la producción y el comercio de películas**, Compañía Audiovisual Imagenógrafa, 1999

ÉCIJA, H. et al., , **Libro blanco del audiovisual: cómo producir, distribuir y financiar una obra audiovisual**, Grupo Exportfilm, 2000

GARCÍA, P. Y RAMÍREZ, M. del M, **Creando empresas para el sector audiovisual : Cine, televisión, documental y animación**, Fundación Audiovisual de Andalucía, 2004

GARCÍA-TENORIO RONDA, J.; GARCÍA MERINO, M. T.; PÉREZ RODRÍGUEZ, M. J.; SÁNCHEZ QUIRÓS, I. y SANTOS, **Organización y dirección de empresas**, Thomson, 2006

MEDINA LAVERÓN, M., **Estructura y gestión de empresas audiovisuales**, EUNSA, 2005

PIÑEIRO, P. et al, **Introducción a la economía de la empresa : una visión teórico-práctica**, Delta, 2010

SIMON, D. Y WIESE, M., **Film video budgets. Studio City**, Michael Wiese Productions, 2006

ROBBINS, S. P., **Comportamiento organizacional. Teoría y práctica**, Prentice Hall, 1996

Recomendacións**Subjects that continue the syllabus**

Empresa: Marketing de produtos audiovisuais e multimedia/P04G071V01206

IDENTIFYING DATA**Xéneros cinematográficos**

Subject	Xéneros cinematográficos			
Code	P04G071V01203			
Study programme	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Mandatory	2	1c
Teaching language	Castelán			
Department	Comunicación audiovisual e publicidade			
Coordinator	Amorós Pons, Ana María			
Lecturers	Amorós Pons, Ana María			
E-mail	amoros@uvigo.es			
Web	http://www.csc.uvigo.es/ http://webs.uvigo.es/depX14/			
General description	En cinema, o concepto de xénero abarca outras funcións máis aló da estrutura textual. Se transfigura nun termo polivalente e sometido a unha permanente inestabilidade, susceptible de múltiples estratexias de achegamento ao seu estudo e de análise, así como de variadas opcións de categorización. Materia de carácter obrigatorio, impartida en castelán.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Code	
A1	Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B1	Coñecer as características esenciais da comunicación, os seus elementos e os seus resultados.
B3	Aplicar técnicas e procedementos da composición da imaxe aos diferentes soportes audiovisuais, a partir do coñecemento das leis clásicas e dos movementos estéticos e culturais da historia da imaxe.
B4	Expoñer os resultados dos traballos académicos de maneira escrita, oral ou por medios audiovisuais ou informáticos de acordo aos canons das disciplinas da comunicación.
B5	Coñecer os valores constitucionais, principios éticos e normas deontolóxicas aplicables á comunicación audiovisual, en especial as relativas á igualdade de homes e mulleres, á non discriminación de persoas con discapacidade e ao uso non sexista da imaxe feminina nos medios de comunicación de masas.
B7	Asumir riscos expresivos e temáticos, aplicar solucións e puntos de vista persoais no desenvolvemento dos proxectos
C6	Coñecer a historia e características da animación e a súa aplicación nos medios dixitais
C13	Conocer la historia y evolución del lenguaje y géneros audiovisuales a través de sus propuestas estéticas e industriales.
C14	Coñecer e aplicar os recursos, métodos e procedementos empregados na construción e análise dos relatos audiovisuais
D2	Comunicar por oral e por escrito na legua galega.

Resultados previstos na materia

Expected results from this subject	Training and Learning Results	
1 - Ter capacidade de análise, síntese e xuízo crítico.	A1	
2- Demostrar capacidade oratoria na exposición e na presentación de traballos	B1 B4 B7	D2
3 - Coñecer o surdimento e evolución histórica dos xéneros cinematográficos.		C6 C13
4 - Comprender os procesos de construción da estrutura narrativa, planificación e montaxe de obras audiovisuais.		C14
5 - Distinguir os elementos e mecanismos narrativos na construción do guión, atendendo ás características específicas dos xéneros.		C14
6- Analizar os relatos cinematográficos-audiovisuais, atendendo ás características formais, estéticas e narrativas de cada xénero.	B3	C13
7 - Respectar os distintos xéneros narrativos en producións cinematográficas-audiovisuais doutras culturas e con outros valores.	B5	
8 - Fomentar o respecto e sensibilidade polo patrimonio cinematográfico-audiovisual.	B5	

Contidos

Topic	
Bloque I. INTRODUCCIÓN.	Tema 1. Concepto de xénero cinematográfico: 1.1 Aproximación e reflexión

Bloque II. HISTÓRICO.	Tema 2. Contribucións dos xéneros á historia do cinema: 2.1 Nacemento e evolución.
Bloque III. NARRATIVO.	Tema 3. Categorización dos xéneros cinematográficos: 3.1 Clasificación e tipoloxías dos distintos xéneros no cinema. 3.2 Contidos e achegas de cada xénero cinematográfico: a) Definición. b) Contexto. c) Antecedentes e referencias. d) Visión histórica. e) Características narrativas, formais, estéticas e iconográficas.
Bloque IV. ANÁLISE DE XÉNEROS.	Tema 4. Práctica de/na aula (Seminario: Estudos de Caso): 4.1 Estudo e análise dos diferentes xéneros en propostas fílmicas (fragmentos/secuencias) concretas. 4.2 Análise fílmico (fases): a) Contexto da obra cinematográfica. b) Proxección. c) Visionado. d) Análise técnica-narrativa-estético. e) Exposición oral e corrección in situ. f) Entrega de comentario escrito do fragmento/secuencia da película nunha ficha modelo, correspondentes aos diferentes xéneros impartidos no Bloque 3.

Planificación			
	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Lección maxistral	24	18	42
Seminario	15	7	22
Resolución de problemas de forma autónoma	1	25	26
Observación sistemática	8	0	8
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	50	52

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente	
	Description
Lección maxistral	Clase teórica (aula): Sesión presencial de exposición por parte da docente dos contidos teórico-conceptuais básicos da materia, que o alumnado deberá ampliar e desenvolver pola súa conta coa bibliografía facilitada e/o outras indicacións. Complementárase coas discusións e/o exposicións na análise das prácticas. Todos estes aspectos serán tidos en conta nos exercicios e no exame.
Seminario	Clases prácticas de/na aula, coa realización de Estudos de Caso. O alumnado realiza exercicios (individuais e/o colectivos) programados pola docente de análise fílmica dos xéneros abordados na materia. Para a súa realización, tras a contextualización da obra pola docente: proxección audiovisual, traballo de visionado, análise técnica-narrativa-estético, exposición/defensa oral e a súa corrección in situ, coa presentación/entrega escrita/visual do comentario nunha ficha modelo e no prazo estipulado. Prácticas coa presenza e participación continuada do alumnado na clase.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que a docente expón/programa un e/o dous exercicio (individual e/o colectivo) sobre algún aspecto do temario e contidos da materia. O alumnado debe realizalo/desenvolveo de forma autónoma coas indicacións dadas pola docente. Entrega/presentación escrita-visual nunha ficha modelo coa exposición/defensa oral, nos prazos establecidos. Non se contempla a entrega de exercicios á marxe do encargado pola docente.

Atención personalizada	
Methodologies	Description
Lección maxistral	De maneira voluntaria, o alumnado dispón do horario de titorías para consultar dúbidas relativas aos contidos teóricos abordados nas clases teóricas. Os horarios e lugar de titorías estarán dispoñibles na plataforma MooVI e na Web. Para evitar demoras, solicítase cita tutorial previamente por e-mail. Non se realizan titorías nin por teléfono nin por e-mail. O profesorado pode realizar comunicados académicos ou información na plataforma MooVI da materia ao alumnado e por e-mail.

Seminario	De maneira voluntaria, o alumnado dispón do horario de titorías para consultar dúbidas relativas ás prácticas. Os horarios e lugar de titorías estarán dispoñibles na plataforma MooVI e na Web. Para evitar demoras, solicítase cita titorial previamente por e-mail. Non se realizan titorías nin por teléfono nin por e-mail. O profesorado pode realizar comunicados académicos ou información na plataforma MooVI da materia ao alumnado e por e-mail.
Resolución de problemas de forma autónoma	De maneira voluntaria, o alumnado dispón do horario de titorías para consultar dúbidas relativas aos exercicios propostos. Os horarios e lugar de titorías estarán dispoñibles na plataforma MooVI e na Web. Para evitar demoras, solicítase cita titorial previamente por e-mail. Non se realizan titorías nin por teléfono nin por e-mail. O profesorado pode realizar comunicados académicos ou información na plataforma MooVI da materia ao alumnado e por e-mail.

Avaliación			
	Description	Qualification	Training and Learning Results
Seminario	<p>ESTUDOS DE CASO: prácticas e/o exercicios (individuais e/o colectivos) de/na aula, programados pola docente, de análise de fragmentos de producións cinematográficas, dos distintos xéneros abordados na materia.</p> <p>Para a súa realización: proxección audiovisual, traballo de visionado, análise técnica-audiovisual-narrativo-estético, exposición oral e a súa corrección in situ, presentación/entrega escrita/visual da análise nunha ficha modelo e no prazo estipulado.</p> <p>Prácticas coa presenza e participación continuada do alumnado na clase. Loxicamente se un/a alumno/a non asiste a clases prácticas e non fai unha práctica concreta, non poderá presentala, nin entregala, nin expoñela e perderá a cualificación correspondente a esa práctica.</p> <p>Non se contempla a entrega de traballos/exercicios á marxe das prácticas realizadas e/o encargadas pola docente na aula ao alumnado asistente á sesión de clase.</p>	30	A1 B1 C13 D2 B3 C14 B4 B5 B7
Resolución de problemas de forma autónoma	<p>O alumnado realiza un e/o dous exercicios (individual e/o colectivo) de maneira autónoma, programado pola docente sobre algún aspecto do temario e contidos da materia.</p> <p>Entrega/presentación escrita-visual nunha ficha modelo coa exposición/defensa oral, nos prazos establecidos.</p> <p>Non se contempla a entrega de exercicios á marxe do encargado pola docente.</p>	20	A1 B1 C13 D2 B3 C14 B4 B5 B7
Observación sistemática	<p>O alumnado en cada tema/xénero impartido realiza de/na aula prácticas de análise fílmico (Estudios de Caso) dos diferentes xéneros tratados, coa súa presentación / exposición / defensa oral na clase.</p>	10	A1 B1 C13 D2 B3 C14 B4 B7

Exame de preguntas de desenvolvemento	Tipo de Proba: Exame escrito (con espazo limitado para as respostas e algunhas preguntas poden ser de resposta curta).	40	A1 B3 C6 B5 C13 C14
	Estrutura do exame: preguntas teóricas e preguntas prácticas de análise técnica-audiovisual-narrativo-estético de producións cinematográficas dos diferentes xéneros abordados na materia.		
	Os contidos desta proba serán os conceptos da materia explicados, tanto na clase maxistral como nos seminarios das prácticas.		
	Ademais das referencias bibliográficas da Guía, a docente situará en MooVI, referencias orientadoras para o estudo básico da materia; pero as preguntas non estarán limitadas só a estas referencias, senón que abarcasten a totalidade dos contidos explicados nas clases teóricas e prácticas.		
	O Exame ten un valor do 40% sobre o total da nota. Para aprobar a materia será preciso obter como mínimo un 5 na nota do Exame. Cunha cualificación inferior a 5 puntos non se poderá facer media nin compensar coas notas das outras probas.		
	Para máis información sobre a Avaliación Continua e Avaliación Global véxase o apartado "Outros comentarios sobre a Avaliación"		

Other comments on the Evaluation

O alumnado poderá optar a dúas modalidades de avaliación da materia: Avaliación Continua e Avaliación Global.

1. AVALIACIÓN CONTINUA: aplícanse as porcentaxes e conceptos anteriores (Exame, Seminario, Observación sistemática e Resolución de problemas e/o exercicios), coas seguintes consideracións:

A asistencia ás clases prácticas non é obrigatoria. Agora ben, posto que a realización dos Estudos de Caso (seminario) realízanse como prácticas de/en aula coa presenza e participación continuada do alumnado en clase (que puntúa ata un máximo de 30%), coa observación sistemática (ata un máximo de 10%), se un/a alumno/a non acode ás clases prácticas para facelas non poderá presentalas/entregalas, nin expoñelas/defendelas oralmente e perderá a calificación correspondente a esa práctica.

Por tanto, o alumnado fará/entregará/expoñerá/defenderá oralmente as prácticas que considere convenientes, pero deberá ter en conta se cumpre con iso os criterios de avaliación das outras probas (Exame, Resolución de problemas e/o exercicios) para aprobar a materia.

Na apartado Resolución de problemas e/o exercicios, no exercicio programado pola docente valorarase a súa presentación de contido escrito/visual (ata un máximo de 10%) e a exposición/defensa oral (ata un máximo de 10%), se un/a alumno/a presenta/entrega o Traballo, pero non acode para expoñelo/defendelo oralmente perderá a calificación correspondente. E se vén a clase a expoñelo/defendelo oralmente sen habelo entregado en tempo e forma, non se lle considerará.

É necesario aprobar o Exame, cunha nota igual ou superior a 5 para superar a materia. No caso dunha cualificación por baixo de 5 puntos, non se poderá compensar a nota coas outras probas (de habelas), aínda que se conservarán as calificacións para a Convocatoria de xullo. Neste caso, a cualificación da materia na 1ª Edición-1ª Convocatoria será a nota do Exame.

1.1. Na convocatoria de Julio (2ª Edición): aplícanse os mesmos criterios de calificación, aínda que a Observación sistemática, prácticas de Estudos de caso e a apartado Resolución de problemas/exercicios non serán reevaluados, manténdose a calificación da 1ª Edición (1ª Convocatoria). O alumnado que non superou o Exame na 1ª Convocatoria ten esta nova edición para repetir o Exame. O alumnado terá que mellorar a súa cualificación mediante o Exame.

O modelo de Exame será do mesmo tipo (escrito) e estrutura (preguntas teóricas e prácticas) da 1ª Convocatoria. Tamén se necesitará unha nota mínima de 5 (dentro do valor do 40% do total da nota) para facer media co resto das outras probas (de habelas). En caso de non alcanzalo, a cualificación final será a deste Exame.

A información sobre a materia estará publicada na plataforma MooVI. Será responsabilidade do alumnado estar atento a esta información ao ser a vía de comunicación.

2. AVALIACIÓN GLOBAL: De acordo ao establecido no *Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado*, o/a estudante que non opte pola modalidade de avaliación continua,

terá dereito a unha proba global no calendario/datas oficiais que a Facultade estableza.

Para optar a esta posibilidade, o alumnado deberá solicitar expresamente a renuncia á avaliación continua, coa antelación e seguindo os procedementos para a súa tramitación que o Protocolo do Decanato da Facultade estableza para ese efecto. Este Acto de renuncia supoñerá a anulación automática de todas as cualificacións obtidas polo método de avaliación continua e xa non se computarán. Non se admitirán solicitudes fose do prazo establecido polo Centro e, unha vez, recoñecido o dereito non se poderá desistir do mesmo.

Esta modalidade de avaliación consiste nunha proba única que permitirá calificar ao alumnado entre 0 e 10, igual que na avaliación continua. A proba realizarase na data e horario establecido oficialmente pola Facultade. Por regra xeral, a duración da proba oficial é de 2 horas. Para a avaliación global, o alumnado necesitará 3 horas máis adicionais (5 desde o comezo da proba) para completala.

Esta modalidade consistirá: A) Exame escrito con preguntas teóricas e prácticas (40% da cualificación). B) Exercicio escrito de estudo fílmico (30% da cualificación) cos enunciados que a proba estableza. C) Práctica escrita de análise de imaxe (30% da cualificación) cos enunciados que a proba estableza. A cualificación será a nota media das 3 probas. Con todo, para superar a materia será preciso obter, como mínimo, un 5 no Exame. No caso dunha cualificación por baixo de 5, non se poderá compensar coa nota das outras probas, aínda que se conservará a súa cualificación para a convocatoria de xullo. Neste caso, a cualificación da materia na 1ª Edición-Convocatoria será a nota do Exame.

